

ORDE do 6 de agosto de 2019 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021 (cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020) (código de procedemento BS623C).



Periodo 01-12-2019 a 30-11-2020

PROGRAMA DE EDUCACIÓN E APOIO FAMILIAR

Datos relativos al programa: EDUCACIÓN FAMILIAR

Denominación da entidade local: Concello de Viveiro.

Denominación do programa con indicación do marco en que se desenvolve: Educación familiar desenvólvese nos Servizos Sociais do Concello de Viveiro.

Xustificación da actuación:

Dende o departamento de Servizos Sociais do Concello de Viveiro e no traballo diario, encontrámonos con familias que presentan diversas características:

De tipo estrutural:

- Familias con fillos, a maioría, menores de 18 anos.
- Pai máis ou menos periférico en máis ou menos grao.
- Outros membros da familia extensa.
- Espazo vital reducido ou en condicións inadecuadas.
- Paro. Insuficiente nivel de ingresos.
- Illamento social do núcleo familiar.

En relación coa dinámica:

- Funcións e habilidades parentais inexistentes ou débiles.
- Funcións familiares de nutrición, mediación e educación inadecuadas.
- Deficiente escolarización e problemas no ámbito escolar
- Institucións de axuda social.
- Falta de motivación e colaboración para o cambio.
- Acomodación da familia á situación.
- Desorganización da vida doméstica e carencia de hábitos saudables.
- Relación de parella conflictiva.

Estas problemáticas familiares lévanos a contemplar diversos efectos e consecuencias nos seus membros, lóxicamente máis acusados nos menores, por exemplo:

- Falta de seguridade, protección física e emocional.
- Inexistencia de normas e figuras referenciais de apoio tanto familiar como social.
- Maltrato en tódolos aspectos. Baixa autoestima.
- Vivencias de aillamento e rechazo social.
- Todas estas situacións lévanos a intentar poñer en marcha un proxecto no que o educador familiar poida traballar coa familia as problemáticas que presenten e ó mesmo tempo, detectar problemas latentes e previr calquera outra situación que xenere marxinación social.

Obxectivos:

O programa de educación familiar é un servizo educativo e psicosocial de prevención, intervención e apoio dirixido a familias e a toda a comunidade. Ten como finalidade promover a calidade de vida e o benestar social das familias e dos membros que a integran

Obxectivo xeral:

Ofrecer apoio socioeducativo ás familias, como marco de referencia onde se desenvolven as persoas. Fomentar a súa autonomía e promover e dinamizar redes de apoio e axuda ás familias favorecendo a prevención de situacións de risco e dificultades sociofamiliares.

Obxectivos específicos:

- Promover a adquisición de competencias (actitudes, habilidades e capacidades) ás familias para un axeitado desenvolvemento das súas funcións parentais, educativas, de crianza e socialización.
 - Reforzar, estimular e potenciar os recursos persoais das familias, a súas capacidades e potencialidades para a solución das dificultades nas que se poidan atopar nas diferentes etapas do ciclo familiar, facendo partícipes e protagonistas do cambio.
 - Facilitar alternativas, recursos e itinerarios socioeducativos ás familias.
 - Facilitar o acceso a toda información específica para as familias, así como, aos recursos e servizos da sociedade (culturais, cívicos, educativos, deportivos, lecer...)
- Promover a corresponsabilidade nas familias.
- Favorecer a integración, a participación e a promoción social das familias nos ámbitos familiar, social, cultural, político e educativo.
 - Promover espazos de encontro de pais e nais orientados á formación, análise e busca conxunta de mellora das situacións.
 - Previr, detectar e atender situacións e familias de elevada vulnerabilidade: infancia en alto risco social, dinámicas de violencia intrafamiliar e familias en situación de exclusión social.
 - Sensibilizar, informar e promover valores de solidariedade, igualdade e integración na sociedade.
 - Promover o coñecemento e recoñecemento da diversidade familiar (estructural e cultural).

- **Recursos empregados:**

Recursos humanos:

- Unha educadora familiar, master en intervención familiar, a xornada completa.
- Unha auxiliar de SAF que apoia puntualmente ás familias.
- Dous voluntarios do proxecto de voluntariado municipal
- (Unha licenciada en lingua inglesa e un auxiliar de enfermería que prestan apoio nos distintitos proxectos)

Recursos materiais:

- Despacho.
- Ordenador.
- Coche.
- Aulas.
- Material funxible necesario para desenvolver as actividades e as actuacións coas familias.

Selección de participantes :

- Dende unha perspectiva universalista, preventiva e de igualdade , son destinatarios do programa de Educación Familiar todas as familias en plural.
- Enténdese por familias tanto o conxunto de persoas unidas por vínculos de convivencia que constitúen unha rede de relacións afectivas ,de coidado e económicas, como os fogares unipersoais. A súa finalidade é proporcionar aos seus membros os vínculos necesarios para que desenvolvan os seus procesos de individualización e autonomía e participen activamente na sociedade ,aportando os seus elementos clave para a súa socialización.
- Atenderase de forma prioritaria ás familias que se atopen naquelas situacións e fases do ciclo familiar de maior vulnerabilidade, risco ou crise.
- Enténdese por vulnerabilidade familiar un proceso ou situación onde predominan elementos de fragilidade (económica, emocional, relacional....)Estas situacións comporta riscos, pero temen unha maior receptividade de axuda profesional ou de redes sociais. Pode derivar polo tanto nunha oportunidade de cambio, transformación familiar e de superación de situacións de exclusión.
- Dentro das situacións de vulnerabilidade darase prioridade a aquelas familias integradas por:
 - Infancia e adolescencia en situación de risco.
 - Persoas en situación de dependencia (diversidade funcional , problemas de saúde mental, discapacidades, persoas maiores...)
 - Minorías étnicas.

ACTUACIÓNS PROGRAMADAS:

INTERVENCIÓN DIRECTA COAS FAMILIAS

12 familias

54 usuarios

26 adultos 13homes e 13 mulleres

7 xóvenes 6 homes e 1 mulleres

21 nenos 14 nenas e 7 nenos

TALLERES:

1.TALLER DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE E SOSTIBLE

Temporalización:

Primer semestre(datos sen concretar)

Participantes: 15

Horas :30 horas

sesións:10 sesións de 3 horas

OBXECTIVOS:

- 1.Fomento de hábitos saudables dende a cociña
- 2.Capacitación sobre conceptos básicos nutricionais e de saúde en xeral.
3. Facer prevención con información de alimentación saudable.
4. Transmisión de ideas básicas para receitas saudables e económicas.
5. Empoderamento das familias na xestión alimentaria

2. PREPARACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE

Temporalización:

decembro 2019 -maio 2020

luns e mércores

Participantes: 8 participantes

Horas: 60 horas

Sesións : 1 hora e media

OBXECTIVO:

Mellorar a calidade na formación para o emprego dos participantes e a integración da formación profesional para as persoas que carecen de titulacións académicas requiridas poidan acceder a formación dos certificados de profesionalidade ,que lles permitirá acceder ao mercado laboral.

3. FORMACIÓN DIXITAL

Temporalización:

Febreiro -marzo 2020

Participantes:15 participantes

Horas:40 horas

Sesións: 20 sesións de 2 horas

OBXECTIVOS:

Independencia de cada un dos alumnos no manexo de software ofimático e no uso básico de internet.

Utilizar os servizos de internet e instalación de aplicacións móbiles para uso cotián.

Buscar información en internet

Instalar o manexo de aplicacións móbiles e servizos a través de internet: Sergas, ITV, Oficina Emprego(Renovación Tarxeta paro).

Email: Xestión de mail a través do movil e a través do equipo local.

Manexar basicamente kdenlive, software edición de video

4.REFORZO EDUCATIVO INDIVIDUALIZADO A MENORES

Temporalización:

decembro 2019-novembro 2020

Horas: 50 horas

Sesións : de 1 hora ou de 1 hora e media de duración dependendo das necesidades do menor

Obxectivo:

Traballar con menores das familias que participan no programa de educación familiar para :

Reforzar os contidos académicos

Dotar aos nenos de ferramentas socio-emocionais para que poidan relacionarse coas demais persoas dunha maneira adecuada.